

U.D. 10: O MUNDO ACTUAL

1. Introducción

ADIÓS AL SIGLO XX Eugenio Montejo

a Álvaro Mutis

Cruzo la calle Marx, la calle Freud;
ando por una orilla de este siglo,
despacio, insomne, caviloso,
espía *ad honorem* de algún reino gótico,
recogiendo vocales caídas, pequeños guijarros
tatuados de rumor infinito.
La línea de Mondrian frente a mis ojos
va cortando la noche en sombras rectas
ahora que ya no cabe más soledad
en las paredes de vidrio.
Cruzo la calle Mao, la calle Stalin;
miro el instante donde muere un milenio
y otro despunta su terrestre dominio.
Mi siglo vertical y lleno de teorías...
Mi siglo con sus guerras, sus posguerras
y su tambor de Hitler allá lejos,
entre sangre y abismo.
Prosigo entre las piedras de los viejos
suburbios por un trago, por un poco de jazz,
contemplando los dioses que duermen disueltos
en el serrín de los bares,
mientras descifro sus nombres al paso
y sigo mi camino.



- Señala los elementos históricos presentes neste poema do venezolano Eugenio Montejo.

2. O mundo actual (desde 1989)



As historiadoras e os historiadores adoitan empregar o concepto mundo actual ben para referirse ao arco cronolóxico que vai desde 1989 ata a actualidade, ben para falar do período que comeza en 2001 co atentado das Torres Xemelgas. Nós empregaremos como punto de inicio do mundo actual a caída do Muro de Berlín, que marcou o principio da caída dos réximes comunistas e a conseguinte fin da Guerra Fría. Remataba así un período iniciado trala Segunda Guerra Mundial caracterizado pola bipolaridade.



- O politólogo **Francis Fukuyama** empregou un termo moi polémico para aludir ao final da Guerra Fría. Busca cal é ese concepto e por que resultou polémico. Non esquezas anotar as fontes consultadas.

2.1. O colapso do bloque comunista

1. A URSS: DA PERESTROIKA Á DESINTEGRACIÓN

Mikhail Gorbachov (na fotografía, con Ronald Reagan; Gorbachov é o da dereita) accede ao poder na URSS en 1985. Co obxectivo de superar o estancamento económico e a corrupción, inicia un **programa de reformas estruturais** denominado *Perestroika* (reestruturación) e *Glásnost* (transparencia):



- Reformas **económicas**: o Estado renuncia ao control centralizado de toda a economía e introdúcense elementos capitalistas, como o final da regulación de prezos e salarios por parte do Estado.
- Reformas **sociais**: aumenta a liberdade de expresión e a transparencia informativa.
- Reformas **políticas**: as eleccións ao Congreso de Deputados do Pobo de 1989 permitiron a participación de sectores críticos á liña oficial do Partido Comunista (PCUS) que, malia estar en clara minoría, permitiron a entrada doutros puntos de vista no Parlamento. Paralelamente, a URSS renuncia a intervir nos países satélite do bloque oriental, disolvendo o Pacto de Varsovia, feito que favorece a caída do Muro de Berlín.

O resultado do reformismo de Gorbachov foi a intensificación da crise económica e das tensións sociopolíticas. En 1991, a mesma estrutura do Estado soviético entrou en crise coa proclamación da independencia das Repúblicas Bálticas (Estonia, Letonia e Lituania). O goberno soviético tentou deseñar un **Novo Tratado da Unión** para actualizar a estrutura territorial do Estado, baseado nunha unión de Estados soberanos. O proxecto foi sometido a referendo, obtendo o apoio popular, se ben o referendo foi boicoteado nas Repúblicas Bálticas, Moldavia, Armenia e Xeorxia.



Neste contexto de tensión, o reformismo de Gorbachov atopa a oposición tanto dos sectores rupturistas dentro e fóra do PCUS como dos grupos ortodoxos do Partido, que consideraban as reformas unha traizón aos principios da URSS. Estes sectores, co apoio do KGB e de parte do exército, tentaron un **golpe de Estado en agosto de 1991** que fracasou (na imaxe, barricadas no Parlamento de Moscova contra os

golpistas), pero que foi irreversible para o futuro do país. O PCUS desmorónase, consolídase líderes rupturistas como o ruso Boris Yeltsin e a URSS disólvese. Xorden numerosas Repúblicas no espazo exsoviético, que se converterá nunha área de constantes tensións debido á crise económica e aos conflitos étnicos e de soberanía.

2. A EUROPA ORIENTAL TRALA CAÍDA DO MURO DE BERLÍN

En Europa oriental as revoltas populares anticomunistas dos anos 80 comezaran en **Polonia**, co protagonismo do líder sindical **Lech Walesa**. O seu punto culminante foi en 1989 coa **caída do Muro de Berlín** e a posterior **reunificación de Alemaña**, que estivera dividida en dous países (República Democrática Alemá e República Federal Alemá) desde o final da Segunda Guerra Mundial. **Checoslovaquia** saía tamén da órbita comunista da man de **Vaclav Hável** e, en 1993,

dividiríase pacificamente en dous países. **Hungría, Romanía e Albania** tamén experimentaron revolucións contra os gobernos comunistas.

Iugoslavia, país socialista que se situara á marxe da órbita soviética da man de **Tito**, disgrégase a partir de 1991 nun conflictivo proceso relacionado coa diversidade étnica e territorial do país, xerando guerras que se estenderon durante toda a década, con episodios como o **sitio de Saraxevo** (na imaxe) ou as matanzas indiscriminadas de poboación civil.



3.- OUTROS RÉXIMES COMUNISTAS

Países como **China** e **Vietnam** conservaron estruturas políticas de partido único, pero adaptaron as súas economías ao capitalismo, feito especialmente significativo no caso de China, que se converteu no século XXI na segunda potencia económica e política por detrás dos EUA. As reivindicacións democratizadoras chinesas foron duramente reprimidas en 1989 na Matanza da **Praza de Tiananmen** (imaxe inferior).



Outros países como **Cuba** e **Corea do Norte** mantéñense oficialmente nas liñas políticas e económicas do comunismo, se ben a súa situación internacional é precaria. No caso de Cuba, o bloqueo económico ao que está sometida por parte de EUA desde 1962 supón unha situación continua de crise socioeconómica. No caso de Corea do Norte, está rexida por unha especie de *monarquía* comunista na que o poder é exercido sen ningún tipo de limitación por parte da familia **Kim**, que mantén un control absoluto sobre un país pechado en si mesmo e illado internacionalmente.



- Explica o papel que desempeñou o golpe de Estado de 1991 no colapso da URSS.

2.2. O triunfo do bloque capitalista

1. A HEXEMONÍA DOS ESTADOS UNIDOS

Rematada a Guerra Fría tralo colapso da URSS e do bloque comunista, os Estados Unidos aparecen como clara **potencia hexemónica** mundial. Manterán unha **política intervencionista** en función dos seus intereses económicos e políticos, recorrendo en ocasións á **intervención militar directa** como na guerra do Golfo de 1990 ou o bombardeo de Serbia pola OTAN en 1999.

Os **atentados do 11 de setembro de 2001** (na imaxe) supuxeron un duro golpe para os Estados Unidos, que intensificou durante dúas décadas o seu intervencionismo militar en lugares como Iraq ou Afganistán.



Desde o punto de vista económico, os gobernos estadounidenses desde a era Reagan apostaron por unha diminución do papel do Estado na economía, retomando as ideas clásicas do capitalismo co denominado **neoliberalismo**, promovido por autores como **Friedman**. As políticas neoliberais de reducir o papel do Estado na economía e do fomento do mercado libre derivaron no incremento das desigualdades socioeconómicas no país e sentaron as bases dunha **economía especulativa** que tivo un punto de inflexión en 2008. Ese ano, a crise das hipotecas lixo arrastrou o mundo enteiro a unha crise financeira que levou a unha **recesión económica mundial**. As hipotecas concedidas sen garantías suficientes e a especulación na bolsa realizada con esas hipotecas foron as responsables. A consecuencia máis evidente a longo prazo foi un **aumento da intervención do estado en materia económica**.

2. EUROPA: AUXE E CRISE DO PROXECTO EUROPEO



Rematada a Guerra Fría, a Unión Europea asistiu a un proceso de ampliación cara ao leste que culminou en 2013 coa entrada de **Croacia**. Este proceso de expansión territorial afectou tanto a antigas repúblicas soviéticas (Estonia, Letonia, Lituania) como a antigos países do bloque socialista (Hungría, Polonia, Romanía...). A expansión territorial acompañouse de pasos na unión económica,

destacando a adopción do euro como moeda común en 2002. Política e socialmente, o ritmo de integración europea é menor, como demostra o fracaso para o establecemento dunha Constitución europea. Recentemente, o abandono do Reino Unido (**brexit**) tralo referendo de 2016 e os efectos da crise económica de 2008 marcan un escenario de complexos retos para o futuro da Unión.

Politicamente, do mesmo xeito que nos Estados Unidos, as posturas neoliberais foron comúns en Europa desde os anos 80 do século XX, destacando neste eido a británica **Margaret Thatcher** (1979-1990). A diminución do papel económico dos Estados supuxo o cuestionamento progresivo do **Estado do Benestar**, especialmente nun contexto de avellentamento poboacional como o europeo, no que as necesidades asistenciais da poboación cada vez xera máis dificultades para uns Estados cuxos ingresos diminúen.

Os países europeos afrontan unha **complexa situación** de perda de tecido industrial e agropecuario, desemprego, precarización laboral, avellentamento e inmigración que supuxo o auxe nas últimas décadas de **movementos extremistas** que cuestionan os valores da democracia e presentan un discurso de exaltación nacional e xenofobia.



- Cales son as perspectivas de futuro para a Unión Europea segundo a túa opinión?

2.3. Outros mundos actuais

O discurso histórico, caracterizado polo eurocentrismo, marxina os territorios que se atopan fóra dos límites do denominado "Occidente." O triunfo do bloque capitalista na Guerra Fría e a extensión dos sistemas liberais políticos e económicos supuxeron o protagonismo dos Estados Unidos e da Unión Europea nas relacións internacionais, mais cómpre ter presente a existencia doutras realidades de gran relevancia no mundo actual:

- **Rusia:** Nun proceso de recuperación de peso político internacional, o goberno de **Vladimir Putin** levou a cabo unha política de intervención militar en lugares como **Siria** (2011) ou **Ucráina** (2022, na imaxe, bombardeo de Kiev en marzo dese ano) que elevou a tensión internacional ata niveis propios da Guerra Fría.





- Crecente peso económico e político de **China**, convertido nun importante actor industrial, comercial e financeiro que cuestiona a hexemonía estadounidense resultado do final da Guerra Fría. Na imaxe podemos ver **Shanghai**, considerada a capital económica do país.

- **Próximo Oriente:** O conflito palestino-israelí pasou por numerosas fases desde a creación do **Estado de Israel** en 1948 e continúa na actualidade. Paralelamente, a tensión na zona intensifícase pola rivalidade entre dúas potencias locais como son **Arabia Saudita** e **Irán**.

- O paradoxo de **África**. Sendo un continente cunha gran variedade e abundancia de recursos económicos, a situación de pobreza, marxinação económica e dependencia neocolonial segue a ser unha realidade que ameaza o presente e o futuro dos países africanos. . No norte do continente entre 2010 e 2012 tiveron lugar unha serie de revoltas populares coñecidas como a **Primavera Árabe**. Iniciáronse en Tunisia (ver imaxe) e estendéronse a outros países como Exipto, Libia, Iemen ou Xordania, coa intención, na maior parte dos casos sen éxito, de establecer réximes democráticos.



- **América Latina:** A partir de finais dos anos 80, América Latina superou en liñas xerais a época das ditaduras militares e estendéronse os réximes democráticos na rexión, se ben as desigualdades socioeconómicas ou fenómenos como o terrorismo ou o narcotráfico condicionan enormemente a realidade de países como Colombia, México ou Brasil.

A conflitividade do mundo actual caracterízase, ademais, polo desenvolvemento desde finais do século XX do denominado **terrorismo islamista** ou *yihadismo* que, da man de organizacións como Al-Qaeda ou ISIS, e de líderes como Osama Bin Laden se caracterizou por levar a cabo atentados que afectaron a Occidente (Torres xemelgas en 2001, Madrid en 2004 ou París en 2015), se ben a súa actividade se centra en países musulmáns e a maioría das vítimas que causan son tamén musulmáns.

3. A globalización

O termo **globalización** estendeuse rapidamente desde finais do século XX, pero o seu significado tivo importancia histórica desde moito antes. Os **grandes imperios** da humanidade, como o romano, o hispánico ou o inglés, supuxeron un proceso de globalización no sentido de expandir e unificar unhas leis e costumes nos seus territorios. A gran diferenza hoxe en día é que esa unificación cultural non é froito de conquistas militares, senón dun fenómeno máis xeral.

A globalización é o resultado da **enorme interrelación entre as diferentes partes do mundo**, que comparten un modo de vida similar en moitos aspectos, polo que parece que o mundo camiña cara a unha **unificación cultural, política, económica e social**. Sen embargo, a interdependencia entre países e rexións está caracterizada por uns fortes desequilibrios, dado que unhas rexións actúan como o centro da globalización e outras, como as periferias.



Cómpre ter presente que a globalización ten como fundamento ideolóxico o **neoliberalismo**, de tal xeito que, máis que os países, os principais promotores da globalización son as grandes empresas de China e Occidente que obteñen beneficios cunha economía globalizada, aproveitando os procesos de deslocalización industrial e a libre circulación dos capitais.

A globalización, de feito, está considerada coma unha fase de expansión a escala mundial do capitalismo e xera un contexto no que se aprecian luces e sombras:

- Os **aspectos positivos** son o incremento da **riqueza** global e o espectacular **desenvolvemento tecnolóxico** que afecta a todos os niveis. Ademais, os indicadores económicos xerais dos países experimentan melloras, así como a esperanza de vida.
- Os **aspectos negativos** son unha **crecente desigualdade entre as clases sociais**, de xeito que se produce unha concentración da riqueza nas mans dunha reducida clase alta, mentres as clases baixas permanecen nunha situación precaria e a clase media xurdida no contexto da Guerra Fría asiste a un proceso de empobrecemento. A crise do Estado do Benestar en Occidente contribúe á deterioración da situación da maior parte da sociedade.

A desigualdade e os efectos sociais negativos da globalización supuxeron a aparición do **movemento altermundista**, que pretende combinar a globalización co respecto aos dereitos humanos e á diversidade cultural.




- Emprega o apartado [Mapas e gráficos da web El Orden Mundial](#) (enlace na aula virtual) para buscar un mapa ou gráfico relacionado cos conflitos do mundo globalizado e elabora unha breve descrición do mesmo.
- Le o seguinte texto e sinala con que aspecto dos sinalados neste epígrafe se relaciona:

«En 1981 había menos de 300 ordenadores conectados a internet. No 2003 eran 500 millóns. E estímase que no 2020 haberá 50.000 millóns de dispositivos conectados: nun mundo con 7.000 millóns de habitantes, é evidente que detrás de cada dispositivo xa non hai unha persoa, non falamos xa só de teléfonos móbiles, tabletas ou PC. Os 50.000 millóns refírense sobre todo a obxectos conectados, nun sentido industrial, e o importante non é tanto o número, senón o concepto. O termo *internet of things* (internet das cousas) hai anos que circula, pero agora é unha tendencia quente no mundo tecnolóxico. É un gran paraugas baixo o que se desenvolven e interactúan diferentes tecnoloxías como o M2M (conexión entre máquinas), *big data* (analítica de grandes datos no *cloud* en tempo real) ou a manufactura aditiva a partir de modelos dixitais (as impresoras en 3D).»

Mar Galtés (2013)

4. O cambio climático



Un dos trazos máis relevantes do mundo actual e da globalización é a existencia dunha ameaza crecente para a supervivencia do ser humano no planeta: o **cambio climático**. Derivado dun modelo económico baseado en actividades altamente contaminantes, como a queima de combustibles fósiles e a conseguinte emisión de gases contaminantes como o dióxido de carbono (ver mapa), o cambio climático é unha realidade que foi negada durante anos. Hoxe en día, sen embargo, existe o consenso de que o cambio climático é o **gran reto da humanidade a curto prazo** polos seus graves efectos: quecemento global, aumento das catástrofes naturais, esgotamento dos acuíferos, esgotamento das terras agrícolas, perda de biodiversidade, xurdimento de novas enfermidades, etc.



O cambio climático foi obxecto de atención internacional desde finais do século XX. A primeira conferencia climática da ONU tivo lugar en **Berlín en 1995**, e en 1997 asinouse o **Protocolo de Kioto** para a redución dos gases causantes do efecto invernadoiro, mais o seu alcance foi limitado. Xa no século XXI continuouse a política de atención internacional ao cambio climático coa **Conferencia de Copenhague (2009)** e o **Acordo de París (2015, na imaxe)**. Se ben se tomou conciencia da gravidade do cambio climático (e os postulados negacionistas do mesmo son minoría), as iniciativas internacionais adoitan ser criticadas por insuficientes e pouco ambiciosas.




- Busca cal é o obxectivo do Acordo de París e as estratexias empregadas para logralo. Non esquezas anotar as fontes consultadas.

5. A covid-19

Un dos procesos históricos do mundo actual estreitamente relacionados coa globalización é a **pandemia provocada polo coronavirus SARS-CoV-2**. Iniciada en Wuhan (China) en decembro

de 2019, axiña acadou unha expansión global por todos os continentes que levou a unha crise de saúde sen precedentes, con confinamentos que afectaron a países enteiros e unha sobrecarga de hospitais e centros sanitarios. A enfermidade foi **declarada pandemia oficialmente pola OMS o 11 de marzo de 2020**, con 118.000 casos en 114 países e máis de 4200 persoas falecidas nese momento. Dous anos despois, en marzo de 2022, a pandemia acadara 445 millóns de casos, 259 países e territorios afectados e acumulaba 6 millóns de vítimas mortais.




Ademais das vítimas directas, as **consecuencias negativas** da pandemia déixanse sentir de xeito moi importante na economía e na sociedade. No aspecto económico, supuxo un retroceso importante para moitos países que aínda non superaran a crise de 2008. Ademais, as corentenas, illamentos e restricións ao tráfico das persoas, impostos ante a necesidade de conter a pandemia, tiveron efectos psicolóxicos negativos en boa parte da poboación.

Un **aspecto positivo** desta pandemia, que a fai diferente doutras acontecidas ao longo da historia, é o feito de contar cun **desenvolvemento científico** capaz de estudar a enfermidade e desenvolver **vacinas** de xeito moi rápido, e cun sistema sanitario coa capacidade de organizar campañas de vacinación masiva en pouco tempo, o cal foi decisivo para frear a expansión da covid-19 e, sobre todo, reducir as taxas de mortalidade. Porén, o acceso ás vacinas é moi desigual se comparamos os países do chamado primeiro mundo con aqueles que se atopan na periferia do sistema, tal e como vemos no seguinte mapa:

Share of people who completed the initial COVID-19 vaccination protocol, Mar 22, 2022

Our World
in Data

Total number of people who received all doses prescribed by the initial vaccination protocol, divided by the total population of the country.



Source: Official data collated by Our World in Data

Note: Alternative definitions of a full vaccination, e.g. having been infected with SARS-CoV-2 and having 1 dose of a 2-dose protocol, are ignored to maximize comparability between countries.

CC BY



- Busca información sobre outras pandemias que tiveran lugar na historia, inclúe referencias ás súas consecuencias políticas, sociais ou económicas. Non esquezas anotar as fontes consultadas.

6. Arte: *Banksy*

O grafitreiro Banksy é todo un símbolo da época actual e do mundo globalizado. Ninguén coñece a súa identidade, aínda que se especula coa idea de que pode ser orixinario de Bristol (Reino Unido) e nacido en torno a 1974. As súas primeiras obras apareceron en Bristol a finais dos anos 80, pero foi en Londres onde empezou a facerse famoso, chegando a ser hoxe en día tal vez o máximo expoñente mundial do *Street Art* ou, polo menos, o máis coñecido. A esa fama contribúe o tema da súa obra (que inclúe case sempre unha aceda crítica social, moral e política), e, indubidablemente, o halo de misterio que rodea a súa identidade.

Sobre Banksy hai un breve e interesante artigo de Miguel Calvo Santos na web [historia-arte](#), que transcribimos aquí:

«O anonimato pode ser moi bo para a arte. Non hai nada como a celebridade para que un artista se converta en alguén que non é. Banksy é un deses exemplos de anonimato para preservar o subversivo, o combativo, incluso o ilegal da arte. Pintar na rúa en principio vai contra a lei, así como colocar a túa obra clandestinamente en museos como o MoMA ou a Tate.

Non se sabe con certeza quen é. Pode ser un artista ou un colectivo. Os rumores e lendas urbanas sobre a súa identidade son utilizadas polo propio artista. Pénsase que é británico porque o groso da súa primeira obra se atopa nas rúas de Londres, pero hai traballos de Banksy por todo o mundo, desde o muro de Cisjordania a Chiapas, México.

Influenciado por Blek Le Rat [un coñecido grafiteiro francés], diversas correntes situacionistas e a cultura pop en xeral, o seu traballo é sempre unha crítica política, social e cultural a Occidente. Ben sexa con spray, estarcidos con plantillas ou esculturas e instalacións, Banksy sempre se mostra irónico no seu traballo, aínda que peque de certa vaguidade conceptual e pouca profundidade política. Ademais, son moitos os que critican certas contradicións, como venderse ao mesmo mercado que critica (Banksy cotízase a prezos millonarios) e deixar as rúas polas casas de poxas, convertendo o *Street Art* noutro produto máis do capitalismo.

É coñecido xa por todos que na historia da arte os poderes fácticos acabaron sempre absorbendo o subversivo para empaquetalo e vendelo, porque así, ademais de neutralizalo, conséguense beneficios. Aí están os exemplos do Che Guevara ou os Sex Pistols... e tamén o de Banksy.»

